



2. Todos os membros da Corporación de Cedeira teñen dereito ao abono dos gastos que se lles ocasione como consecuencia de desprazamentos fóra do termo municipal por razón do desempeño da súa función, agás os que teñan por obxecto a asistencia a sesións ou reunións dos órganos colexiados do Concello de Cedeira aos que pertenzan.

3. Por asistencias a órganos colexiados da Corporación os membros electos que non teñan dedicación exclusiva percibirán as seguintes contías:

a) Por asistencias a sesións da Xunta de Goberno Local: 186,00 €.

b) Por asistencias a sesións de Plenos, Comisións Informativas e Mesas de contratación: 60,00 €.

As asistencias aboaranse logo de aprobación por Resolución de Alcaldía.

d) Asistencias por participación en Tribunais de oposicións e concursos encargados da selección de persoal:

Acceso a Corpos ou Escalas do Grupo A1 ou categorías de persoal laboral asimilables: - Presidente e Secretario - Vogais	45,89 € 42,83 €
Acceso a Corpos ou Escalas dos Grupos A2 e C1 ou categorías persoal laboral asimilables: - Presidente e Secretario - Vogais	42,83 € 39,78 €
Acceso a Corpos ou Escalas dos Grupos C2 e E ou categorías persoal laboral asimilables: - Presidente e Secretario - Vogais	39,78 € 36,72 €

Así mesmo, terán dereito á percepción dunha indemnización adicional por gastos de locomoción, a razón de 0,19 euros por quilómetro percorrido, os membros dos tribunais de selección de persoal que non pertenzan ao equipo de persoal municipal e que haxan de desprazarse dende outros municipios.

Para estes efectos, as cantidades expresadas nos parágrafos precedentes refírense ao importe a percibir por cada membro do tribunal como consecuencia de cada unha das probas ou sesións de que corresponda o proceso selectivo con independencia de se estas esténdese a máis dun día, devengarse unha única asistencia no suposto de que se celebre máis dunha sesión no mesmo día.

Así mesmo, terán dereito ás mesmas indemnizacións, e conforme aos mesmos criterios, os colaboradores técnicos, administrativos e de servizos que poidan designarse para a axuda e apoio dos correspondentes órganos de selección, sempre que dita colaboración non se encuadre dentro das funcións propias do posto de traballo correspondentes a expedientes de selección de persoal.